



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN E TRÁMITE ORDINARIO, DO SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, PARA FACER PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

ASISTENTES:

- D. JUAN MANUEL REY REY, Alcalde-Presidente do Concello, actuando como Presidente da Mesa
- D. EMILIANO FERNÁNDEZ GONZÁEZ, Arquitecto técnico municipal, actuando como vogal da Mesa.
- D. ADOLFO MÉNDEZ BALIÑAS, Encargado de Obras do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D^a SUSANA VARELA ESCALONI, Interventora do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D^a ANA ISABEL DEL CERRO DEL RÍO, Secretaria xeral do Concello, actuando como vogal da Mesa.
- D^a ESTHER CALDAS BLANCO, Funcionaria do Concello, actuando como Secretaria da Mesa.

Na Casa do Concello, sendo sendo as 10:30 horas do día 13 de xuño de 2014, reúnese a Mesa de contratación do “**SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS**”, coa asistencia dos arriba indicados, co fin de proceder a examinar a documentación requirida á empresa EUROCONTROL, e facer proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

De seguido dase conta do requirimento efectuado con data 9 de xuño de 2014 á empresa EUROCONTROL, para que xustifique a valoración da oferta e as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, de conformidade co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP, e acredite o cumprimento das cláusulas de integración social coa presentación da alta dos traballadores con discapacidade xunto co certificado acreditativo.

Con data 11 e 12 de xuño de 2014 e mediante escritos con rexistro de entrada nº 2359 e 2416 respectivamente, a dita empresa acredita o cumprimento das cláusulas de integración social e xustifica a valoración da oferta precisando as condicións da mesma.

Visto o informe da Interventora Municipal e, tendo en conta a cláusula 8^a do Pregro de Cláusulas Administrativas, a Mesa de Contratación por UNANIMIDADE dos seus membros acorda:



ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS

ILMO. AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS
CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1
Telef. 986 540002- Fax 986 530393
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)
e-mail:concello@caldasdereis.com

1º Formular proposta de adxudicación a favor da empresa EUROCONTROL, toda vez que a súa oferta é a que ten atribuída a maior puntuación no informe da Interventora municipal.

2º Dar traslado la mesma á Alcaldía como órgano de contratación.

Non sendo outro o obxecto do presente acto, dase por finalizada a sesión sendo as dez horas trinta e cinco minutos do expresado día, levantando a presente acta, do que eu, como Secretaria da Mesa, dou fe.

A Secretaria da Mesa,

Asdo: Esther Caldas Blanco.